

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE XULLO DE 2017

FAVORABLES.-

LAP/479/2016.- FINANCIERA MADERERA, S. A.- Conceder licenza para executar as obras de ampliación de zona cuberta para liña de formación no lugar de Formarís, 60.

LIC/529/2017.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para executar as obras de restauración das cubertas da cabeceira da Catedral de Santiago de Compostela.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de restauración das cubertas da cabeceira da Catedral de Santiago de Compostela. LIC/529/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de ampliación de zona cuberta para liña de formación no lugar de Formarís, 60. LAP/479/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario de peche dos establecementos por mor das festas do Apóstolo e San Roque. Infórmase favorablemente da ampliación nunha hora do horario de peche dos establecementos de hostalería coincidindo coa festividade do Apóstolo (14-31 de xullo) e San Roque (do 11 ao 16 de agosto)

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente de "Obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 372.786,12 euros, IVE incluído.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á adxudicación do expediente de "Servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP) dependentes do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase manter a proposta de adxudicación a favor da UTE Ferrovial Servicios SA-Ferroservicios Auxiliares SA

7.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da liquidación do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2017. Apróbase a liquidación do programa, que ten un saldo positivo por importe de 5.830,80 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o programa "Vacacións en Paz" 2017. Apróbase o convenio de colaboración, que supón unha achega municipal de 5.340 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á

autorización da sinatura dun acordo de colaboración entre o Concello de Santiago e ECOEMBES. Apróbase a sinatura dun acordo de colaboración con Ecoembes para a definición dunha estratexia urbana orientada a conseguir o incremento da participación dos pequenos xeradores de envases na súa recollida selectiva. O acordo non implica custo económico para o Concello.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao outorgamento de autorizacións do uso das hortas urbanas municipais, e aprobación da listaxe de agarda para a concesión de uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo. Apróbase a proposta.

11.- Proposta dos concelleiros delegados de Medio Ambiente e Convivencia e de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do estudo de mobilidade das actuacións e recuperación do espazo público no ámbito das rúas Campiño de San Francisco e Costa de San Francisco. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á inclusión no sistema ORA de curta duración da zona da rampla de acceso á Praza de Abastos. Acórdase incluír a zona da rampla que dá acceso á Praza de Abastos no sistema Ora de curta duración, con horario dende as 11.30 á 14.00 horas, e de 16.30 a 20.30 horas, manténdose a reserva para os usuarios de hostalaría dende as 8.00 ata as 11.30 horas.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á ratificación da autorización da escisión de dúas sociedades co fin de separar a xestión da explotación dos aparcamentos subterráneos de Romero Donallo e Praza de Vigo. Ratifícase a autorización da escisión da sociedade Garaje Cervantes 27 SL e da sociedade Aparcamientos Sar SL, coa finalidade de separar a xestión da explotación dos aparcamentos subterráneos de Romero Donallo e da Praza de Vigo. A sociedade Aparcamientos Sar SL seguirá sendo titular da concesión de Romero Donallo, cedéndose a Garajes Cervantes 27 SL a titularidade da concesión do aparcamento da Praza de Vigo.

14.- Proposta do concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a Agrupación Deportiva "El Correo Gallego" para 2017, por mor da 40ª carreira pedestre popular. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 12.000 euros.

15.- Proposta do concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Tenis para 2017, por mor da eliminatoria de Liga europea de nacións de tenis de mesa. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 2.500 euros.

16.- Proposta do concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Baloncesto, por mor do IV Jamboree de Clubs de minibasquet Galicia 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

17.- Proposta da Alcaldía relativa á corrección de erro no punto nº 128 da sesión de 30.6.17, aprobatorio do mantemento de delegacións xa efectuadas nos concelleiros delegados. Apróbase a proposta.

18.- Proposta da Alcaldía relativa á designación de nomeamento de novas representantes en diversos organismos. Acórdase designar a Noa Morales como representante de Compostela Aberta no Consello de Administración de Mercagalicía. Acórdase que Marta Lois representará ao Concello de Santiago na Xunta Xeral de Uninova e no consello de administración desta sociedade.

19 a 128.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbanse as propostas.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións, ás que se destinarán 250.000 euros.

2.-Proposta de alcaldía relativa á adxudicación da prestación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de accidentes de tráfico e atestados. Adxudícase o servizo á empresa Better Consultants, por un importe de 7.360 euros/ano, IVE incluído.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á corrección do novo proxecto reformado da obra “Repavimentación da Avenida de Vilagarcía”. Apróbase a proposta.

4.-Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

5.-

ASUNTO: Aprobación provisional “Revisión das contas de liquidación provisoria dos proxectos de equidistribución dos polígonos SUNP 37-3 (Costa Vella) e SUNP 38 (Formaris)

ANTECEDENTES

6.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da concesión de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de traballadores desempregados. Acéptase a subvención de 6.400 euros para a contratación de dous socorristas.

7.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación da programación das Festas do Apóstolo. Apróbase a programación e o orzamento de 545.210 euros.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á prórroga do contrato de prestación do servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello de Santiago. Prórrogase o contrato coa empresa TAELO S.Coop. polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xullo de 2017 ata o 14 de xullo de 2018.